

AL CUALIFICACIÓN PROFESIONAL CUALIF
ON PROFESIONAL CUALIFICACION PROFE

DESENVOLVEMENTO TÉCNICO E COORDINACIÓN EN OBRA

Nivel de cualificación: 3

INSTITUTO
GALEGO
DAS
CUALIFICACIÓN

Coordinación do proxecto

Cristina Rubal González

Dirección do proxecto

Marisa Mallo Fernández

Equipo técnico e metodolóxico

Ana Pinal Fuentes

Ana Ferreiroa Dobarro

Isabel Bandín Matos

Grupo de expertos

Experto

Empresa

José Ramón Bugarín Rodríguez

Dolmen Granit, S.L.

José Luis Delgado San Miguel

Enxeñeiro técnico de minas,
Profesional liberal

Ángel Gancedo Muriente

Pizarras Samaca, S.A

José María González Álvarez

Pilesa e Intradima

Alfonso González Moral

Elgo, S.L.

Santiago López Piñeiro

Universidade da Coruña

Andrés Molina Franco

Consejería de Educación,
Junta de Andalucía

Enrique Sanjuán Oliveira

Euro Roca, S.A.

Colaborou na primeira fase do proxecto

Javier Fernández Prego

Fachadas del Norte, S.L.

Índice

Presentación	7
1. Competencia xeral	9
2. Unidades de competencia	9
2.1. Relación de unidades de competencia	9
2.2. Desenvolvemento das unidades de competencia	10
2.2.1. Unidade de competencia 1. Estudia-la documentación recibida.	10
2.2.2. Unidade de competencia 2. Desenvolve-la documentación e as especificacións técnicas	14
2.2.3. Unidade de competencia 3. Coordina-la execución da obra.	19
3. Ámbitos de competencia	23
3.1. Relación de ámbitos de competencia	23
3.2. Desenvolvemento de ámbitos de competencia	23
3.2.1. Seguranza nas obras.	23
3.2.2. Representación gráfica.	24
3.3.3. Relacións no equipo de traballo.	25
4. Anexo. Cualificacións profesionais no sector da pedra natural	26
5. Glosario	27

Presentación

Na intención da Xunta de Galicia está o dobre obxectivo de conseguir o progreso dos traballadores e a competitividade das empresas, establecendo como principio unha mellora da cualificación profesional.

O contexto socioeconómico da Comunidade Autónoma galega, baseado cada día máis na competitividade empresarial, esixe revisar o papel dos recursos humanos nas organizacións productivas, conferíndolle un maior valor á competencia profesional dos traballadores. A competencia á que nos referimos non sería a mera capacidade de realizar tarefas repetitivas, senón que inclúe a capacidade de relación, de innovación e, sobre todo, de adaptación permanente ós continuos cambios ós que está sometido o sistema productivo.

A caracterización da competencia profesional é un proceso de gran complexidade e de importancia clave para o avance da economía galega, xa que se trata de describi-lo que se espera que realicen as persoas na súa actividade laboral para acadar os niveis de calidade e eficacia que esixen as estruturas productivas. Con esta premisa o **Instituto Galego das Cualificacións** abordou a determinación desas competencias en dous sectores relevantes para a economía galega como son a construción naval e a pedra natural, a través da elaboración das cualificacións profesionais.

O traballo que se presenta a continuación non sería posible sen a colaboración dos sectores implicados, tanto a nivel empresarial como sindical, ós que desde estas liñas queremos amosa-lo noso máis profundo agradecemento.

Entendemos que coa elaboración destas cualificacións profesionais a Administración galega deu un paso adiante e será agora responsabilidade dos sectores correspondentes facelas realidade a través da súa aplicación no mundo productivo.

Manuela López Besteiro
Conselleira de Familia e Promoción do Emprego,
Muller e Xuventude



Denominación:

Desenvolvemento técnico e coordinación en obra

Nivel de cualificación: **3**

■ **1. Competencia xeral**

Realiza-lo desenvolvemento técnico do proxecto e a coordinación da execución en obra, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental establecidas.

■ **2. Unidades de competencia**

■ **2.1. Relación de unidades de competencia**

- **UC 1.** Estudia-la documentación recibida.
- **UC 2.** Desenvolve-la documentación e as especificacións técnicas.
- **UC 3.** Coordina-la execución da obra.



■ 2.2. Desenvolvemento de unidades de competencia

■ 2.2.1. Unidade de competencia 1.

Estudia-la documentación recibida

A. Elementos de competencia e criterios de realización

- EC1. Analiza-la documentación técnica achegada para extrae-la información necesaria para a realización do orzamento de fabricación.

CR 1. Solicítase e selecciónase a documentación técnica necesaria para realiza-lo estudio inicial.

CR 2. Domínanse os distintos soportes e linguaxes nas que se atopa recollida a documentación para proceder á súa posterior análise.

CR 3. Partindo da documentación achegada identifícanse e relaciónanse as diferentes formas e tipoloxías dos diversos elementos constructivos.

CR 4. Identifícanse e clasifícanse as diferentes partidas a realizar.

CR 5. Manéxanse as técnicas de cálculo necesario para cuantifica-lo material necesario para cada partida.

CR 6. Analízase a documentación achegada contemplando as especificacións técnicas necesarias para a posterior valoración de cada unha das partidas de fabricación (materiais, acabamentos superficiais, dimensións, labores especiais, prazos de subministro...) expresando de forma correcta os datos obtidos.

- **EC2.** Analiza-la documentación técnica achegada para extrae-la información necesaria para a realización do orzamento de colocación.
 - CR 1. Solicítase e selecciónase a documentación técnica necesaria para realiza-lo estudio inicial.
 - CR 2. Domínanse os distintos soportes e linguaxes nas que se atopa recollida a documentación para proceder á súa posterior análise.
 - CR 3. Partindo da documentación achegada identifícanse e relaciónanse as diferentes formas e tipoloxías dos diversos elementos constructivos.
 - CR 4. Identifícanse e clasifícanse as diferentes partidas a realizar.
 - CR 5. Manéxanse as técnicas de cálculo necesario para cuantifica-lo material necesario para cada partida.
 - CR 6. Analízase a documentación achegada considerando as especificacións técnicas necesarias para a posterior valoración de cada unha das partidas de colocación (materiais, recursos humanos e loxísticos, medios auxiliares e seguranza, secuenciación temporal de execución e singularidades propias da obra).



- **EC3.** Analiza-la documentación técnica achegada para extrae-la información necesaria para realiza-lo estudio da viabilidade técnica do proxecto.
- **CR 1.** Solicítase e selecciónase a documentación técnica necesaria para realiza-lo estudio inicial.
- **CR 2.** Domínanse os distintos soportes e linguaxes nas que se atopa recollida a documentación para proceder á súa posterior análise.
- **CR 3.** Partindo da documentación achegada identifícanse e relaciónanse as diferentes formas e tipoloxías dos diversos elementos constructivos.
- **CR 4.** Realízase un estudio de viabilidade e capacidade de fabricación dos diferentes elementos que constitúen o proxecto.
- **CR 5.** Realízase un estudio de viabilidade e capacidade de colocación dos distintos elementos que constitúen o proxecto.

B. Especificación de campo ocupacional

Información e medios de traballo

Planos e detalles constructivos, en soporte papel ou informático.

Instruccións verbais e aclaracións dos responsables técnicos do proxecto.

Memorias de calidades dos proxectos, especificacións técnicas de materiais e sistemas de ancoraxe, ordes de fabricación.

Información sobre os medios auxiliares dispoñibles en obra.

Ordenador, sistemas de impresión, programas de diseño gráfico, follos de cálculo, ferramentas de debuxo, escalímetros, calculadoras científicas e ferramentas de cálculo e conversión.

Procesos, métodos e procedementos

Interpretación de planos e interpretación de memorias de calidades de proxectos.

Realización de cálculos necesarios.

Análise técnica da obra.

Resultados do traballo

Cálculos e resultados necesarios para a realización de orzamentos de fabricación e colocación.

Análise e conclusións sobre a viabilidade de fabricación e colocación do proxecto.

Cumprimento dos prazos establecidos.

C. Capacidades e coñecementos fundamentais

Capacidades fundamentais

- Analiza-la documentación técnica proporcionada.
- Alcanzar acordos cos distintos departamentos da empresa (comercial, administrativo, produción, colocación...) e cos responsables técnicos dos proxectos.
- Relaciona-los distintos planos entre si.
- Estructurar e ordenar tódolos elementos e procesos.

Coñecementos fundamentais

- Representación gráfica, sistemas e técnicas de debuxo
- Técnicas e ferramentas de cálculo.
- Reproducción e arquivo de documentos.

- Deseño asistido por ordenador: CAD.
- Sistemas e técnicas de fabricación da pedra natural.
- Sistemas e técnicas de colocación da pedra.
- Coñecementos básicos de construción.
- Normativa vixente sobre prevención de riscos laborais e ambiente relativa ó sector da pedra natural e á construción.

■ 2.2.2. Unidade de competencia 2.

Desenvolve-la documentación e as especificacións técnicas

A. Elementos de competencia e criterios de realización

- EC1. Analiza-la documentación técnica achegada conciliándoa coa realidade da obra e o proceso de fabricación.

CR 1. Formúlase un sistema de medición que lle permita obter a información necesaria da realidade da obra.

CR 2. Domínanse as diversas técnicas de medición e o uso dos diferentes instrumentos de medida.

CR 3. Realízase a medición ó pé da obra, obtendo niveis, chumbadas e cotas necesarios, representándoos de forma correcta e utilizando as unidades axeitadas.

CR 4. Compáranse os datos obtidos ó pé da obra coa documentación técnica achegada, contemplando as discrepancias existentes.

CR 5. Propóñense solucións alternativas, coa intención de facilitar tanto a fase de fabricación como a posterior colocación en obra.

■ **EC2.** Realiza-lo desenvolvemento técnico para a elaboración das ordes de produción baixo os criterios de traballo da empresa.

CR 1. Domínanse as diferentes técnicas de cálculo e representación gráfica necesarias.

CR 2. Partindo da información obtida elabórase a documentación gráfica que se axusta á realidade da obra.

CR 3. Realízase o despezamento da obra obtendo as ordes de fabricación necesarias e expresándoas segundo os formatos apropiados para a súa fabricación.

CR 4. Achégase a documentación complementaria necesaria para o proceso de fabricación (patróns, detalles de elaboración, planos de montaxe, e instrucións de embalaxe e transporte...).

■ **EC3.** Desenvolve-la documentación técnica necesaria para a correcta colocación en obra.

CR 1. Realízanse os diferentes planos de colocación prestando unha especial atención á situación de cada peza así como á correcta secuenciación dos distintos traballos.

CR 2. Desenvólvense os detalles constructivos necesarios achegando liñas e niveis de replanteo, solucións ós encontros, etc, e todo iso en función dos elementos construídos en obra.

CR 3. Establécense as instrucións técnicas de montaxe particulares para cada proxecto.

■ EC4. Transmítela información necesaria ós responsables de aprovisionamento e produción para a correcta xestión dos procesos.

CR 1. Propónse unha secuencia de subministración que permita o óptimo desenvolvemento da obra.

CR 2. En función das necesidades da obra establécese a secuencia correcta de fabricación.

■ EC5. Comprobar que o desenvolvemento destes traballos se realiza coa calidade requirida e cumprindo a normativa de prevención dos riscos laborais e respecto da lexislación ambiental.

CR 1. Supervísase o estado final das pezas realizando e controlando que se axusta ás especificacións requiridas.

CR 2. Compróbase que as embalaxes, proteccións e identificacións son os axeitados.

CR 3. Utilízanse e consérvanse correctamente os elementos de protección persoal.

CR 4. Coñécense os riscos laborais propios dos seus postos de traballo e actúase segundo a normativa de prevención de riscos laborais.

CR 5. Coñécese o plan de emerxencia da empresa e das obras ás que se despraza.

CR 6. Coñécese e aplícanse as medidas de protección ambiental.

B. Especificación de campo ocupacional

Información e medios de traballo

Planos e detalles constructivos, en soporte papel ou informático.

Instruccións verbais e aclaracións dos responsables técnicos da obra.

Memorias de calidades, especificacións técnicas de materiais e sistemas de ancoraxe.

Resultados das medicións en obra, croquis...

Plan de emerxencia das obras.

Ordenador, sistemas de impresión, programas de deseño gráfico, follas de cálculo, ferramentas de debuxo, escalímetros, calculadoras científicas e ferramentas de cálculo e conversión.

Aparellos e medios para a medición en obra (flexómetros, fitas métricas, niveis, chumbadas, etc...).

Equipamentos de protección individual.

Procesos, métodos e procedementos

Interpretación de planos, croquis e detalles constructivos.

Realización de medicións en obra.

Coordinación de subministros de material entre obra e fábrica.

Xeración de documentación técnica (planos, ordes de produción, patróns,... necesarios para a fabricación).

Xeración de documentación técnica necesaria para a colocación, (planos de colocación, detalles constructivos, instruccións técnicas...).

Establecemento das relacións de traballo e instruccións técnicas particulares.

Resultados do traballo

Ordes de corte, patróns, planos e documentos técnicos complementarios para a fabricación e subministros necesarios.

Programación de fabricación e subministro, coordinada coa colocación en obra.

Planos e instrucións técnicas necesarias para a colocación en obra.

C. Capacidades e coñecementos fundamentais

Capacidades fundamentais

- Analiza-la documentación técnica proporcionada.
- Analizar e levar a cabo a medición da obra.
- Cotexa-los datos obtidos na medición coa información técnica proporcionada.
- Realiza-la documentación técnica necesaria (ordenes de produción, planos...) baixo os métodos e criterios apropiados para a súa correcta comprensión.
- Alcanzar acordos cos responsables técnicos da obra, co departamento de produción da empresa e cos colocadores.
- Propoñer solucións alternativas.

Coñecementos fundamentais

- Representación gráfica, sistemas e técnicas de debuxo.
- Técnicas e ferramentas de cálculo.
- Reproducción e arquivo de documentos.
- Deseño asistido por ordenador: CAD.
- Técnicas de medición en obra.
- Sistemas e técnicas de fabricación da pedra natural.

- Sistemas e técnicas de colocación da pedra.
- Características básicas dos materiais a empregar.
- Coñecementos básicos de construción.
- Normativa vixente sobre prevención de riscos laborais e ambiente relativa ó sector da pedra natural e á construción.

■ 2.2.3. Unidade de competencia 3. **Coordina-la execución da obra**

A. Elementos de competencia e criterios de realización

- **EC1.** Organiza-la recepción dos materiais en obra así como o control do almacén de obra para asegura-lo correcto desenvolvemento dos traballos.

- **CR 1.** Solicítanse e establécense zonas reservadas para xunta-lo material e ferramentas.

- **CR 2.** Xestiónanse en obra os medios auxiliares necesarios para realizar de forma correcta a descarga e distribución do material.

- **CR 3.** Establécense os criterios que aseguren o correcto amoreamento do material.

- **EC2.** Xestiona-los grupos de traballo propios, coordinándoos co responsable de obra e os demais oficios.

- **CR 1.** Distribúese ós traballadores segundo as necesidades de cada obra.

- **CR 2.** Establécense a secuenciación e evolución dos traballos controlando os diversos partes de traballo.



- CR 3. Coordinase a realización dos traballos co xefe de obra dos diferentes oficios.

- EC3. Organiza-los equipos e medios auxiliares necesarios en obra e os apoios loxísticos ó persoal desprazado.

- CR 1. Solicítase a utilización dos equipos e medios auxiliares existentes en obra valorando a súa dispoñibilidade e idoneidade. No seu defecto xestiónanse aqueles que sexan necesarios.

- CR 2. Dótase os traballadores das ferramentas e máquinas apropiadas para cada traballo, así como das vestimentas, proteccións e elementos que, a tal fin, se contemplan no estudo de seguranza da obra.

- CR 3. Xestiónanse os medios de transporte e manutención dos traballadores.

- EC4. Realiza-las medicións para o levantamento, replanteo da obra e cuantificación para a certificación dos traballos realizados.

- CR 1. Proporciónase a documentación específica para a colocación dando as instrucións pertinentes para o replanteo e execución da obra.

- CR 2. Realízase a medición correspondente ós traballos executados, expresándoa na forma apropiada para a súa posterior certificación.

- CR 3. Recóllese a información necesaria para avaliar aquelas partidas que non fosen contempladas na valoración inicial (prezos contradictorios, modificacións).

- **EC5.** Comprobar que os traballos se realizan coa calidade requirida e cumprindo a normativa de prevención de riscos laborais e respecto á lexislación ambiental.
 - **CR 1.** Contrólense os traballos realizados comprobando a súa calidade de execución e o seu axuste ó proxecto.
 - **CR 2.** Compróbase que os traballadores utilizan e conservan correctamente os equipamentos de protección individual.
 - **CR 3.** Verifícase que os traballadores coñecen os riscos laborais propios do seu posto de traballo e actúan segundo o estudio de seguranza da obra.
 - **CR 4.** Verifícase que foron retirados tódolos elementos auxiliares que interviñeron nas diferentes fases de execución, así como que se realizaron os labores de limpeza e a eliminación do entullo conforme a lexislación ambiental.

B. Especificación de campo ocupacional

Información e medios de traballo

Planos de colocación e detalles constructivos.

Estudio de seguranza da obra.

Información obtida do xefe de obra sobre o funcionamento e organización desta.

Información sobre subministro de materiais, máquinas, medios e ferramentas utilizados na colocación, sistemas de ancoraxe utilizados, etc.

Medios de medición en obra (fitas métricas, flexómetros, niveis, chumbadas...), elementos de protección persoal e elementos auxiliares.

Procesos, métodos e procedementos

Previsión de persoal, medios e equipos que se necesitan para a execución da colocación coa calidade requirida e o prazo establecido.

Coordinación coa obra para o inicio e desenvolvemento dos traballos de colocación.

Recepción de materiais, amoreamento e distribución.

Organización da "estructura" lóxística necesaria.

Achega-la información necesaria ós colocadores para a execución dos traballos (planos, instrucións técnicas, liñas de arrinque...).

Realiza-las medicións para a certificación dos traballos.

Recoller información necesaria para a elaboración de prezos contradictorios.

Controlar que os traballos se realizan nas condicións de seguranza requiridas.

Resultados do traballo

Organización da estrutura necesaria para a execución dos traballos de colocación.

Seguimento e control dos traballos.

Obtención das medicións para certificación dos traballos.

Datos para a realización de prezos contradictorios.

C. Capacidades e coñecementos fundamentais

Capacidades fundamentais

- Organiza-los grupos de traballo.
- Alcanzar acordos co xefe de obra, os responsables técnicos da obra e os responsables dos demais oficios.
- Valora-los medios e recursos necesarios para levar a cabo a execución dos traballos.

- Avalia-la calidade dos traballos.
- Analiza-las partidas que poidan xerar prezos contradicorios.
- Analiza-lo estudio de seguranza da obra e establece-lo cumprimento deste por parte dos traballadores.

Coñecementos fundamentais

- Sistemas e técnicas de colocación.
- Procedementos e técnicas de medición.
- Cálculos de axuste e replanteo.
- Normativa vixente sobre prevención de riscos laborais e protección ambiental relativa ó sector da pedra natural e á construción.

■ 3. Ámbitos de competencia

■ 3.1. Relación de ámbitos de competencia

- 1. Seguranza nas obras.
- 2. Representación gráfica.
- 3. Relacións no equipo de traballo.

■ 3.2. Desenvolvemento de ámbitos de competencia

■ 3.2.1. Seguranza nas obras

A. Capacidades fundamentais

- Aplica-la normativa vixente sobre prevención de riscos laborais relativa ó sector da pedra natural.
- Supervisa-la dispoñibilidade e correcta utilización de medios e equipos de seguranza nas obras.



- Cumprir e facer cumprí-las medidas de protección ambiental aplicables ás obras nas que se coloque a pedra.

B. Coñecementos fundamentais

- Normativa vixente sobre prevención de riscos laborais no sector da elaboración da pedra natural e da construción.
- Accidentes máis comúns no sector de elaboración da pedra natural. Métodos de prevención. Medidas de seguraza na preparación, manipulación e mantemento de uso de máquinas.
- Medios asistenciais antes situacións de emerxencia: primeiros auxilios e traslado de accidentados. Técnicas de evacuación. Extinción de incendios.
- Normativa vixente sobre seguraza ambiental. Factores que inciden sobre o lugar de traballo (físicos e químicos). Factores que inciden sobre o medio: emisións gasosas, verteduras e residuos.

■ 3.2.2. Representación gráfica

A. Capacidades fundamentais

- Analiza-la información técnica para adapta-la produción da instalación de fabricación á colocación en obra.
- Debuxar no soporte axeitado e con medios convencionais ou informáticos os documentos necesarios.

B. Coñecementos fundamentais

- Debuxo. Sistemas de representación. Croquis.
- Reproducción e arquivo de documentos.
- Deseño asistido por ordenador.

■ 3.2.3. Relacións no equipo de traballo

A. Capacidades fundamentais

- Manter relacións fluídas co resto dos membros do equipo de traballo no que se está integrado, respectando o traballo dos demais, participando no desenvolvemento de tarefas colectivas e evitando ou tentando resolver, dentro das súas posibilidades, os conflitos que se orixinen.
- Manter un grao de comunicación efectivo para o desenvolvemento do traballo, en especial na coordinación dos membros do equipo, interpretando ordes e información e xerando instrucións claras e precisas, así como participando, moderando ou dirixindo reunións.
- Resolver problemas e tomar decisións que afecten tanto ó seu propio traballo coma ó do grupo, tanto en situacións normais como en resposta a casos imprevistos e sempre no ámbito das súas competencias.

B. Coñecementos fundamentais

- A comunicación na empresa. Produción de documentos que asignan tarefas.
- Comunicación oral de instrucións. Etapas dun proceso de comunicación.
- Dificultades/barreiras de comunicación.
- Negociación e solución de problemas. Métodos máis usuais para a resolución de problemas.
- Condución de equipos de traballo. Técnicas para a dinamización de grupos. A reunión como traballo en grupo.
- A motivación. Principais teorías da motivación. O concepto de clima laboral.

■ 4. Anexo. Cualificacións profesionais no sector da pedra natural.

Cualificacións	Unidades de competencia	Ámbitos de competencia
Extracción da pedra natural	<ol style="list-style-type: none"> 1. Prepara-lo xacigo para a súa explotación. 2. Preparar e realizar perforacións e voaduras para descubri-lo nivel productivo e o posterior arrinque e escuadramento dos bloques de pedra. 3. Efectua-lo arrinque de bloques de pedra. 4. Realiza-la conformación de bloques de granito, mármore e lousa, clasificando e marcando os produtos resultantes. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguranza nas instalacións de extracción da pedra natural. 2. Relacións no equipo de traballo.
Serradura e tratamento superficial	<ol style="list-style-type: none"> 1. Prepara-lo bloque de pedra natural para o seu corte e serradura coa maquinaria axeitada. 2. Preparar e realiza-los tratamentos superficiais na pedra natural. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguranza nas instalacións de elaboración da pedra natural. 2. Calidade. 3. Relacións no equipo de traballo.
Conformación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Realiza-las operacións de labra da pedra natural. 2. Realiza-lo corte á medida e os labores especiais da pedra natural. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguranza nas instalacións de elaboración da pedra natural. 2. Calidade. 3. Relacións no equipo de traballo.
Desenvolvemento técnico e coordinación en obra	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estudia-la documentación recibida. 2. Desenvolve-la documentación e as especificacións técnicas. 3. Coordina-la execución da obra. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguranza nas obras. 2. Representación gráfica. 3. Relacións no equipo de traballo.
Colocación da pedra natural	<ol style="list-style-type: none"> 1. Colocar cubertas e paramentos verticais con placas de lousa de teitar. 2. Realizar muros estruturais de cantería, empedrados e elementos singulares. 3. Revestir todo tipo de paramentos con pezas de pedra natural. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. 1. Seguranza na colocación da pedra natural. 2. Calidade. 3. Relacións no equipo de traballo.

■ 5. Glosario

■ Cualificación profesional

É a especificación oficial da competencia que se precisa para desenvolver correctamente un rol de traballo ou unha actividade profesional nun campo ocupacional determinado.

■ Competencia profesional

É a capacidade de aplica-los coñecementos e capacidades para conseguir realiza-las actividades e funcións laborais de acordo cos niveis requeridos na produción e no emprego, e para solventa-los problemas que se derivan dos cambios na produción.

■ Denominación da cualificación profesional

Tenta expresa-lo rol ou roles esenciais do traballo que se presentan ou presentarán nas tarefas ou situacións productivas da cualificación profesional.

■ Nivel

O nivel indica o grao de competencia das actividades de traballo asociadas ás unidades de competencia e ás cualificacións profesionais. Non debe pensarse en categorías profesionais.

Dividiuse a estrutura das cualificacións profesionais nos cinco niveis recoñecidos pola Unión Europea como marco de referencia para calquera sistema de cualificación.

■ Competencia xeral

Describe os roles esenciais do traballo que se identificaron para cada cualificación profesional en forma de funcións ou obxectivos da produción que deben ser acadados.



■ Unidades de competencia

Conxunto de elementos de competencia con valor e significado no emprego. Obtéñense pola división da competencia xeral da cualificación profesional. Cada unidade de competencia debe responder alomenos a un rol, a un posto ou a unha función da produción.

■ Elementos de competencia (EC)

Describen o que as persoas deben ser capaces de realizar nas situacións de traballo. Expressa os logros ou resultados esperados que a persoa debe ser capaz de demostrar para acadalo rol que expresa a correspondente unidade de competencia.

■ Criterios de realización (CR)

Describen os resultados ou aspectos críticos que demostran a competencia profesional. Cada criterio define así unha característica do traballo ben feito.

Expresan, por tanto, o nivel aceptable do elemento de competencia que satisfai os obxetivos das organizacións productivas e permiten xulgar fronte a eles as actividades de traballo realizadas pola persoa.

■ Especificación de campo ocupacional

É unha descrición do campo de aplicación de cada unidade de competencia segundo as actividades e situacións de traballo actuais e previsiblemente futuras do campo ocupacional correspondente. Caracterízase en función dun conxunto de parámetros (información, máquinas, equipamentos, procesos, técnicas...) que se especifican para cada unidade de competencia.

■ Especificación de coñecementos e capacidades

É o conxunto de coñecementos, habilidades cognitivas, destrezas e actitudes que debe incluírse nas cualificacións profesionais. Incluirá non só os coñecementos sobre os feitos e a información que se necesita para actuar, senón tamén as capacidades necesarias para aplicar ese coñecemento ó rango necesario de situacións de traballo.

■ **Ámbito de competencia**

Conxunto de coñecementos e capacidades transversais e/ou de base correspondentes a varias ou tódalas unidades de competencia dunha cualificación profesional.

■ **Bloque**

Con este único termo pretendeuse unificar as diferentes denominacións utilizadas en cada subsector: bloque de granito, bolo de mármore e rachón de lousa.

